

Límiar

Domíngolo L. González Lopo


RUDESINDUS

miscelánea de arte e cultura

Seguindo con paso firme a nosa andaina, sae do prelo un novo número da revista *Rudesindus. Miscelánea de Arte e Cultura*. Consolídanse neste volume as diferentes seccións que pouco a pouco se veñen abrindo camiño desde o primeiro número. Así dáse conta nun primeiro bloque das actividades da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo, da que é canle de expresión. Inclúense aquí as noticias relativas á terceira sesión da Academia, celebrada en Celanova no derradeiro mes de Novembro, onde foron recibidos os novos académicos correspondentes; primeira vez que se crea esta figura que aparece contemplada nos nosos estatutos.

A sección dedicada a publicación de artigos conta con media ducia de interesantes aportacións. Un novo artigo de D. Manuel Carriedo sobre as relacións da vella Gallaecia con Roma na Alta Idade Media. Unha interesante análise de Dna. Mercedes López-Mayán sobre un documento do alto medievo; trátase dun penitencial, compendio de doutrina e oracións para acadar o perdón dos pecados, que reflexa fielmente as características daquela sociedade. Un estudo de D. Carlos Adrán e D. Santiago F. Pardo de Cela encol da defensa da costa galega no século XVI, centrado no caso de Viveiro. D. Héctor Lago realiza un exame historiográfico sobre as elaboracións histórico-míticas creadas desde o Rexurdimento co obxectivo de definir a identidade galega. O estudo das peregrinacións, un dos temas especialmente caros a esta revista, está representado nesta ocasión por un texto de D. Segundo L. Pérez López, no que desenvolve unha interesante reflexión, ás portas dun novo Ano Santo, do seu valor e sentido desde unha dobre perspectiva histórica e cristiá. Remata este feixe de colaboración cun relato dun dos novos académicos correspondentes, D. José Antonio Ocaña, no que o presente e o pasado quedan vencellados a través da figura de San Rosendo.

O apartado dedicado a publicación de documentos conta nesta ocasión cunha interesante aportación da académica M^a Beatriz Vaquero, consistente en seis escrituras de recibimento de bens polo mosteiro de Celanova a finais do século XV.



Remata este volumen quinto de *Rudesindus* coa acostumada sección de recensións bibliográficas, asinadas nesta ocasión por D. Francisco Cantelar e D. Segundo L. Pérez.

Con este novo número ten lugar un importante cambio, xa que de semestral, como viña sendo costume ata o de agora, a nosa revista pasa a ser anual. Unha Academia como esta á que nos honramos en pertencer, precisa dunha canle de expresión que teña certa entidade -non só científica, que xa posúe, senón física-, para permitirnos acometer proxectos máis ambiciosos, como a organización de números monográficos sobre aspectos concretos, o que precisa máis vagar na súa elaboración que unha revista semestral. Por iso, a partir de agora, alongamos o prazo para chegar ás mans dos nosos lectores, ofrecéndolles en troques un volumen feito máis reflexivamente e con mellores cualidades para abrir e consolidar un espazo propio no campo editorial presente, no que a oferta aumenta día a día dun xeito imparabile e impensable hai uns anos.

Os membros do Consello de Redacción queremos reiterar o chamamento que xa fixemos en números anteriores de *Rudesindus* ós membros da Academia e ós subscritores da revista, para que nos envíen orixinais co resultado das súas investigacións, asegurando desta maneira o futuro da nosa publicación. De maneira especial vai dirixida esta invitación a aqueles novos licenciados e doutorandos, que encetan agora a súa experiencia investigadora; estas páxinas están o seu dispor nestes intres da súa vida en que non sempre é doado atopar unha canle de divulgación para o seu traballo.

Non podemos concluír sen deixar constancia do agradecemento da Academia a Dirección Xeral de Turismo e á Xerencia do Plan Xacobeo da Xunta de Galicia, que co seu apoio económico fixeron posible, unha vez máis, que as nosas arelas se convertesen en realidade. Confiamos que este volume mereza dos nosos lectores a boa acollida que lle outorgaron ós anteriores.

